

20
ANIVERSARIO

GALICIA EN CIA®

Bases do Concurso de Deseño da Camiseta Oficial

Coa colaboración de:




Participantes

O concurso está aberto a todo o alumnado de primaria dos centros educativos de Galicia.

Temática

O certame organízase con motivo da celebración da **Galiciencia 2025** utilizando a temática de referencia desta edición: *Neurociencia e Saúde mental*, polo que, partindo dun enfoque conceptual libre e aberto, os deseños deben ter como punto de referencia calquera obxecto ou contorna relacionada coa temática en cuestión.



Condicións e formatos

Poderase presentar un máximo de dous deseños por persoa.

Os deseños poden ser presentados por unha única persoa ou por grupos de varias. Neste último caso, deberá constar o nome dunha persoa como titular do deseño.

Os deseños deberán ser orixinais e inéditos e non ter sido premiados en ningún outro concurso. Os participantes deberán ser os/as autores/as das obras presentadas.

Os deseños deberán presentarse nun folio tamaño A4 (210mmx297mm), e o deseño presentado non poderá ser inferior a un A5 (210mmx148,5mm) de superficie, é dicir, que dentro do folio A4 non se faga un debuxo que ocupe menos da metade do dito folio (A5).

O formato poderá ser horizontal ou vertical.

O deseño deberá realizarse sobre fondo branco.



03 Presentación dos deseños

O prazo de presentación dos deseños é desde o **27 de xaneiro ata o 17 de marzo de 2025**.

Todos os participantes que desexen tomar parte neste concurso deberán enviar un mail cos deseños escaneados ou ben presentar os orixinais na recepción do Parque Tecnolóxico de Galicia. En ambos casos, deberán incluír os seguintes datos:

Título/s da/s obra/s presentada/s.

Nome e apelidos do/a autor/a.

Nome do centro educativo ao que pertencen.

Teléfono de contacto, e-mail do docente/titor/a do/a alumno/a participante.

Enviaranse por correo ao seguinte enderezo galiciencia@tecnopole.gal

Poderán ser presentados os orixinais na recepción do Parque Tecnolóxico de Galicia. En persoa ou por correo postal: Parque Tecnolóxico de Galicia. San Cibrao das Viñas, 32900 Ourense. Asunto: Concurso de debuxo da Galiciencia 2025.





Xurado

O xurado será asignado pola organización entre persoas expertas na materia.

Resolución

O deseño ganador farase público na web de Galiciencia (www.galiciencia.com) e nas redes sociais de Tecnópole Divulga (Facebook, Instagram e TikTok).

A resolución do concurso é inapelable.

Premio

O/a autor/a do deseño ganador recibirá como premio: camisetas para toda a súa clase de primaria incluídas camisetas para dous docentes e dous familiares.

Ademais estas camisetas serán distribuídas entre o persoal da organización de Galiciencia e os expositores de proxectos.



Observacións

O feito de participar no presente concurso implica a aceptación total das bases.

A organización non se responsabilizará da non chegada das obras ao seu destino.

As obras que non cumpran as condicións de presentación non entrarán en concurso.

A organización resérvase o dereito a modificar ou recortar parcialmente o deseño coa finalidade de adaptalo para a súa impresión nas camisetas.

A organización resérvase o dereito de tomar decisións non reflectidas nas bases, así como solucionar calquera tipo de conflito na interpretación destas.

Tecnópole garante o correcto tratamento dos datos de acordo ao RXPD (Regulamento xeral de protección de datos) e a lexislación española vixente.

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A., como responsable, fará uso da información persoal concernente ao meu alumno/a ou a miña propia, coa finalidade de posibilitar a súa participación no concurso, sendo a base xurídica o seu consentimento. Poñemos todo o coidado e contamos coas medidas que a lei esixe para que a información persoal facilitada e/ou o resultado do seu tratamento non chegue a terceiros, salvo imposición legal, encargados de tratamento ou logo do seu consentimento. Ten vostede dereito a exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, supresión, limitación e oposición, así como solicitar a súa portabilidade, determinados pola Lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, dirixíndose por escrito ao seguinte enderezo: Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. Edif. CEI, San Cibrao das Viñas, 32900 Ourense. Ou ao e-mail : dpo@tecnopole.gal. Os datos do seu alumno/a serán conservados ata que finalice o obxectivo polo que foron obtidos, a non ser que unha lei nos lexitime para o seu uso. Así mesmo infórmase que, de consideralo necesario, pode presentar reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Propiedade

Todas as obras premiadas quedarán en propiedade do PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, quen se reserva o dereito da súa exposición, reprodución ou publicación, sen que iso supoña perda da autoría dos deseños, cedendo os dereitos de reprodución, exposición e explotación non remunerada, pasando a incrementar o patrimonio cultural, sen que estas poidan ser obxecto de compravenda.



GALICIA CIENCIA[®]



Coa colaboración de:

